

**BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE TRES PRAZAS DE PEÓN ESPECIALISTA, PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE BOIRO PARA A ESTABILIZACIÓN EXCEPCIONAL DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN, (disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público). Código do procedemento 50/2022.**

**Primeira.-Características das vacantes convocadas.**

Denominación: Peón especialista

Clasificación: Persoal laboral fixo. Grupo E. Xornada completa

Funcións:

Realizará as funcións e actividades competencia da súa titulación e especialidade profesional, ou ben da súa formación teórico-práctica e propias do seu servizo, respectando o código deontolóxico, de se-lo caso, tales como:

- Realizar tarefas de apoio, con aplicación de normas estandarizadas e que precisen esforzo físico.
- Executa-las ordes de traballo que se lle asignen, de acordo ca súa especialidade.
- Coidado do perfecto estado do material e ferramentas que precise para realiza-lo seu cometido.
- Realizar labores elementais con máquinas sinxelas, entendendo por tales aquelas que non requiren adestramento nin coñecemento específico.
- Colaborar nas operacións de carga e descarga manual ou con axuda de elementos mecánicos simples.
- Cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos.
- Mante-lo reciclaxe continuo nos coñecementos e procedementos necesarios para realiza-las funcións do posto de maneira eficiente, dentro dos medios que a Administración dispoña.
- Efectuar propostas de mellora ós seus superiores en relación cos seus sistemas e procesos de traballo.
- En xeral, calquera outra función de análoga natureza que lle sexa encomendada polo seu superior xerárquico, en relación co servizo e coa súa categoría.

**Segunda.-Requisitos específicos das persoas aspirantes.**

Ademais dos establecidos nas bases xerais, as persoas aspirantes deberán acreditar que reúnen os seguintes requisitos específicos :

- Estar en posesión do nivel de CELGA 2, ou equivalente.

**Terceira.-Documentación e prazo de presentación das solicitudes**

O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do estrato do anuncio da convocatoria específica no Boletín Oficial do Estado.

A instancia solicitando participar no proceso selectivo, segundo o modelo establecido neste anexo, virá acompañada da seguinte documentación (orixinal ou ou copia electrónica):

- DNI ou documento identificativo.
- Titulación.
- Certificado de estudos da lingua galega (Celga 2 ou equivalente).
- Certificado de discapacidade (no seu caso).
- Relación numerada dos méritos da fase de concurso na orde que figura nas bases xerais e documentación acreditativa deses méritos ordenados segundo a relación.
- Xustificante do pago dos dereitos de exame.

**MODELO DE SOLICITUDE**

PROCEDEMENTO		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
INSCRIPCIÓN PROCESO SELECTIVO 3 PRAZAS DE PEÓN ESPECIALISTA (ESTABILIZACIÓN- CONCURSO)		50/2022	SOLICITUDE
SOLICITANTE			
DNI	NOME E APELIDOS		
DATA NACEMENTO	LOCALIDADE NACEMENTO	PROVINCIA	
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
TELÉFONO	RÚA/ Nº		
MUNICIPIO	PROVINCIA	CORREO ELECTRÓNICO	
<p>A PERSOA SOLICITANTE DECLARA QUE:</p> <p>Compre os requisitos sinalados na base xenérica 5ª e na bases específica 2ª das que rexen este proceso selectivo para a cobertura en propiedade de unha praza de peón especialista (persoal laboral fixo) e os datos consignados son certos.</p>			
SOLICITA			
<p>Participar nas probas selectivas ás que se refire a presente solicitude e, asemade, se achega a seguinte documentación (orixinal ou copia electrónica):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> DNI ou documento identificativo.</li> <li><input type="checkbox"/> Titulación.</li> <li><input type="checkbox"/> Certificado de estudos da lingua galega (Celga 2 ou equivalente).</li> <li><input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade (no seu caso).</li> <li><input type="checkbox"/> Relación numerada dos méritos da fase de concurso na orde que figura nas bases xerais e documentación acreditativa deses méritos ordenados segundo a relación.</li> <li><input type="checkbox"/> Xustificante do pago dos dereitos de exame.</li> </ul>			

Boiro, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_